

Sr. D. Ignacio Olavide
Presidente do Real Clube de Golf da Coruña
Estrada da Zapateira, s/n
15008 – A Coruña

Estimado señor:

Veño de saber que a entidade que Vde. preside vén de modificar os seus estatutos para os adaptar á legalidade vixente. Porén, quérolle transmitir, con toda cordialidade, que boto en falta que a dita modificación non fose aproveitada para adecuar a denominación legal do clube, *Real Club de Golf de La Coruña*, á realidade legal actual, pola cal a denominación oficial da nosa cidade é unha: **A Coruña**. Así o recolle a Lei 3/1983 de 15 de xuño no seu artigo 10.1: “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”.

Como veciña/o da Coruña, consciente do moito que a entidade que Vde. preside representa para a nosa cidade, ánimoo a tomar as medidas oportunas para modificar a denominación legal do Clube en beneficio do noso nome legal e orixinario.

Reciba un cordial saúdo,

Nome:
DI:

.....

Sr D. Santiago Togores Argudín
Presidente da Sociedade Deportiva Hípica da Coruña
Avenida do Metrosidero, s/n
15001 – A Coruña

Estimado señor:

Veño de saber que a entidade que Vde. preside vai celebrar unha asemblea para modificar parcialmente os seus estatutos no que fai á súa denominación legal a fin de adaptar esta á concesión do título de Real. Aproveito a ocasión para transmitirle os meus máis sinceros parabéns por este feito.

Porén, como veciña/o da Coruña consciente do moito que esta entidade representa para a cidade, considero que debería aproveitarse a ocasión da modificación do nome legal da sociedade para facer o propio coa forma do topónimo que aínda segue figurando nel, *La Coruña*, e substituílo pola única denominación oficial que a nosa cidade ten: **A Coruña**. Así o determina a Lei 3/1983 de 15 de xuño no seu artigo 10.1.: “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”.

Reciba un cordial saúdo,

Nome:
D.I.: